

PLANTARE COIDAR

Con esta actividade pretendemos...

Aprender a responsabilizarnos do coidado de plantas, como un xeito de respectar a natureza.

Necesitaremos

Sementes diversas, macetas, terra e auga.

Durará

A actividade está pensada para realizarse ao longo dun período de tempo.

1ª fase:

Explicamos que imos plantar unha serie de sementes e que as coidaremos entre todos e todas.

Expor unha serie de preguntas para lembrar os pasos que temos que dar:

- Que é o primeiro que necesitamos para que naza unha nova planta?
- Onde poñemos esa semente?
- Que “alimentos” necesita para crecer?

2ª fase

Plantar a semente explicando paso por paso o que imos facendo:

“Colocarei un pouco de terra na maceta, humedecereina cun pouco de auga e mesturarei coas mans. Despois colocarei a semente e encherei o resto de maceta con máis terra.”

Deixar que, en pequenos grupos, os nenos e nenas planten o resto das sementes. Colocar as macetas preto das xanelas para que lles dea o sol e nomear unha persoa responsable semanalmente para que se encargue de regalas.

Cada dúas semanas valorar na Asemblea como están as plantas e preguntar que é o que máis lles está custando facer e como cren que o están facendo.

Para ser un superheroe de verdade, debemos respectar a natureza e coidar das plantas e os seres vivos.